

BAIXO O SOL DE SATÁN

1580

Maurice Pialat, 1987

ESTREA EN NUMAX: 22.08.2025 | V.O.S.E. | +16 | 83 min

Un seminarista mediocre, o abade Donissan, atormentado polo mal e polo fracaso da súa misión, autoinflíxese mortificacións e non logra conectar cos seus fregueses. Ata o día que coñece a moza Mouchette, que acaba de cometer un grave pecado

«Esta é a obra mestra dunha obra, como a Novena de Beethoven. Cando vexo o “Ordet” de Dreyer ou cando vexo o “Baixo o sol de Satán” de Pialat, vexo de súpeto unha obra maior.»
Bruno Dumont



O diaño como construción política

Por *Martín Cuesta*

Admitamos que o diaño é unha construción política, que alén do seu alento sulfuroso e o seu tridente, o que representa o diabólico como concepto é a existencia do mal. Do mal como elemento definitorio da perversión dos tempos e das relacións modernas, si, porque na visión intramuros da realidade que proclama a súa existencia, calquera relación afastada do templo vese invariablemente perturbada pola súa presenza. Satán sempre viviu en Babilonia, en todas as Babilonias.

Fronte a esta igualación do diabólico co urbano ["In spite of all his imperfections, I'm a fan of man! I'm a humanist. Maybe the last humanist" dicía o John Milton de *Pactar co diaño* (Taylor Hackford, 1997)] só queda a arcádica opción do retiro monacal, da rendición ante o seu triunfo ou ben mergullarse na loita, afrontar o medo á tentación, á derrota espiritual, e viaxar cara aos demais. Ese tránsito, do bucólico ao perverso, será o que experimente o Donissan (Gérard Depardieu) de *Baixo o sol de Satán* (Maurice Pialat, 1987). Reticente, en primeiro lugar, a abandonar o seu retiro, terminará atopando, na loita co Adversario, o verdadeiro sentido da súa vocación relixiosa. É moi atinado, por tanto, que Pialat faga aparecer o seu Satán precisamente na viaxe que o sacerdote emprende. Ben sexa a plasmación física das dúbidas do cura, ben a verdadeira natureza encarnada do Anticristo, o seu poder experimentase con máis forza nos momentos de cambio, cortado xa o nó umbilical que une ao noso protagonista co seo da Igrexa.

Mouchette, pola súa banda, a antagonista do sacerdote no filme de Pialat, representa aparentemente todo o contrario: a fuxida cara á cidade como símbolo último da liberdade, sendo esta, a liberdade, o fin último e definitivo a conseguir pola humanidade. Aquí, claro, poderíamos pensar na natureza do diabólico desde outro punto de vista, asimilando a súa existencia a un espazo non restrinxido polas normas do Deus-pai, unha liberación do abafante xugo imposto polas táboas de Moisés. Entre estes dous conceptos, nun principio absolutamente opostos pero que precisan xustificar a súa existencia na presenza do outro, será onde se estableza o duelo que vertebra a película do director francés.

Pialat filma o encontro entre Donissan e Mouchette coma se xa existise un coñecemento previo dos dous, non só no físico, senón nos segredos, medos e ambicións que ambos gardan. Por que? Quizais porque eles dous son só os últimos participantes dunha pugna tan vella como a Humanidade, o enfrontamento entre o ben e o mal... ou polo menos entre dúas formas opostas de concibir ambos termos. Donissan libera da súa culpa ao home, culpando ao diaño como o motor que dá forza aos seus crimes, motor do que Mouchette é tan só o último e indiferente elo. Ela, pola contra, defende a liberdade individual e que pode traer consigo a elección do pecado, se non como consecuencia obrigada, si polo menos como posibilidade real. Unha liberdade que cobra sentido ao ser levada ás súas últimas consecuencias.

Obviamente non desvelaremos aquí o resultado final do combate, con máis razón por ser este atemporal e eterno. Si que debemos destacar a riqueza da posta en escena creada por Pialat, cun uso da luz que é, ao mesmo tempo, naturalista e descritivo das interioridades dos seus personaxes e unha montaxe que elude conscientemente as transicións entre escenas, cun grao de brusquidade ás veces sorprendente. Un filme de madurez dun autor capaz de engadir novos matices a unha temática tan inherente á humanidade como é definir a verdadeira natureza do mal e de como afrontar a nosa relación con ela.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Mouchette,
George Bernanos.
Periférica, 2022

*Los grandes cementerios
bajo la luna*,
Georges Bernanos.
Pepitas de calabaza, 2024

Diario de un cura rural,
Georges Bernanos.
Encuentro, 2009